



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE PUBLICA A RELACIÓN DE ADXUDICATARIOS DAS VACANTES DO MES DE ABRIL NO PROCEDEMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA.

Con data 27 de xaneiro de 2017 asinouse Acordo entre a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e os representantes dos traballadores das centrais sindicais CCOO, CISM-OMEGA, CIG, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade voluntaria provisional dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña.

Despois de publicada a resolución de 4 de abril de 2017 coa relación provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación, rematado o prazo de reclamación contra a dita resolución e analizadas as reclamacións presentadas, esta Xerencia de Xestión Integrada, de conformidade coa base sexta do Acordo de mobilidade provisional,

RESOLVE

Primeiro: Publicar a relación de adxudicatarios das vacantes do mes de abril ofertadas na Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña do 15 de maio de 2017.

Segundo: Os anexos coas listaxes mencionadas no apartado anterior poderán examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada do Hotel de Pacientes, na web do Espazo do profesional desta Estrutura e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital de Cee.

A Coruña a 23 de maio de 2017

O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

 **SERVIZO GALEGO de SAÚDE** | **Xerencia Xestión Integrada A Coruña**

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

DILIXENCIA, que se expide para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Xerencia e na páxina web do Espazo do profesional da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña o día 23 de maio de 2017.

O Director de Recursos Humanos da EOXI de A Coruña

Asdo.: Javier Fernández Nistal